

Memoria do curso académico 2018/2019 do CITI

Sumario

1. Introducción
2. Equipo de dirección e administración
3. Grupos de Investigación do CITI
4. Melloras de equipos e servizos
5. Empresas que traballan no CITI
6. Actividades en I+D+i
7. Actividades de difusión e divulgación
8. Actividades desenvolvidas na Planta Piloto

1. **Introdución**

A presente memoria é un resumo das actividades desenvolvidas no Centro de Investigación, Transferencia e Innovación da Universidade de Vigo (CITI) durante o curso académico 2018/2019. Na mesma, describimos as actividades realizadas dende outubro de 2018 ata xullo de 2019.

2. **Equipo de dirección e administración**

Director: Javier Rodeiro Iglesias

Técnica Superior de biotecnoloxía encargada da planta piloto: Beatriz Díaz Reinoso

Bolseiro de formación en biotecnoloxía: Patricia Otero Pedrero

Bolseiro de formación de Informática: Daniel Alvarez García.

Patricia Otero Pedrero cesa no seu posto o día 31 de Setembro de 2019 e Daniel Alvarez García o 1 de Decembro de 2019.

3. **Grupos de Investigación do CITI**

Na actualidade os grupos de investigación da Universidade de Vigo con espazos no CITI son: Informática Gráfica, Biotecnoloxía Agroalimentaria, Seguridade Alimentaria e Toxicoloxía Ambiental, Investigación de Informática Aplicada e Sistemas Informáticos de Nova Xeración, Termofísica, Edafoloxía e Química Agrícola, Enxeñaría Química, Microbioloxía e Valorización e Biomasa.

A cesión destes espazos aos grupos de investigación está prorrogada dende xullo de 2016 ata que non se resolva unha nova convocatoria a espera da desocupación dos espazos por parte dos grupos que obtiveron espazos no novo edificio do Campus do Auga. Estableceuse en colaboración coa Dirección do Campus da Auga un procedemento para o cambio de espazos para os grupos de investigación afectados. Unha vez que este cambio de espazos sexa

efectivo establecerase unha nova convocatoria de espazos e redefinición dos usos das dependencias do CITI cunha modificación do regulamento interno se fose necesario.

4. Melloras de equipos e servizos

Durante este período fíxose un inventario dos recursos tanto na planta piloto como na infraestrutura de rede, calculo e estrutural. Estableceuse un mecanismo de rendibilidade do equipamento da planta piloto en termos de utilización e facturación. Púxose en regra a documentación que a empresa mantedora tiña que ter en MANSIS con respecto ás infraestruturas de edificio e amañouse a climatización do edificio que estaba defectuosa. Puxéronse ao día os mantementos preventivos e as certificacións de instalacións coma o centro de transformación e o xerador de emerxencia.

Fíxose unha nova web de reservas para a planta piloto, substituíndo a anterior que non chegara a estar operativa.

Estanse a actualizar os formularios de acceso aos servizos do CITI.

Púxose orde nas IPs do CITI e fíxose inventario das roseta e sistemas de comunicación. Os servizos do CITI e as aplicacións de manexo de acceso e cámaras de frío están agora virtualizadas.

Separáronse as redes de CPD e administración e laboratorios para o seu mellor control.

Fíxose unha identificación de materiais e zonas comúns e procedeuse a un sistema de etiquetado e eliminación de materiais non identificados de acordo coa OMA.

Realizáronse neste período, actuacións sobre equipamento da planta piloto que estaba avariado e melloras no sistema de comunicación entre a planta piloto e a zona de administración.

Colocouse un novo cartel no edificio dado o mal estado no que se atopaba o anterior, no que non se podía ler o nome do edificio. Puxéronse unhas letras metálicas en releve no exterior do último piso de cara a Avenida de Galicia, por ser unha vía principal de entrada de circulación do Parque Tecnolóxico, vanse facer actuacións para que todos os servizos e loxística asociada o CITI se redirixa cara a entrada xeral da planta piloto.

Lévanse meses intentando que os albaráns correspondentes aos servizos prestados polo CITI a grupos de investigación da universidade, e que se envían á dirección de correo pbasesaid@uvigo.es, sexan pasado o seu cobro aos grupos de investigación que utilizan os servizos. Indican dende I+D que ese

correo non se mira dende hai moito tempo. Iniciadas conversas con I+D, Xerencia, Contabilidade e Investigación aínda non existe avance sobre este tema. Estase intentando conseguir un contrato programa asociado ao centro no cal se poidan transferir a través dunha transferencia interna de crédito os importes dos servizos realizados.

Fíxose un estudo de adecuación do SAI, porque se sospeitaba que non estaba conectado ao xerador do edificio e quería facer un inventario das liñas de SAI reais que ten o edificio. Estanse a catalogar as necesidades específicas de SAI precisas en cada espazo para poder garantir que ante un corte de suministro os equipamentos necesarios quedan cubertos durante o corte.

Arranxáronse todas as luminarias que estaban avariadas no edificio e no exterior.

Fíxose un simulacro de incendio no CITI o 27 de Xuño de 2019.

Comezáronse a facer as adecuacións necesarias do Plan de Medidas Correctoras (PMC) correspondente a Avaliación de Riscos e Plan de Protección recibido en xullo de 2018. Aínda así, levará mais dun ano atender todas elas.

5. Empresas que traballan no CITI

Na actualidade dúas son as firmas que asentaron a súa sede no CITI. A primeira delas é a Empresa GLECEX S.L. (do inglés 'Global and Ecofriendly Natural EXtracts'), quen en abril do 2014 instalouse no Módulo 3, Planta 1 do edificio, por un período de dous anos; foi renovando o contrato por dous anos ata o actual que remata o 31 de marzo de 2020.

A outra empresa instalada no CITI, na Planta 1 do Módulo 1, dende Maio de 2018 é a empresa Ouvir, gañadora da III convocatoria do premio INCUVI-Avanza, outorgado pola Universidade de Vigo ás ideas de proxecto innovadoras. Como parte do premio, a Universidade puxo a disposición da galardoada non só un espazo de traballo, no cal levar a cabo as tarefas do proxecto, senón o apoio e orientación da universidade e dos distintos membros colaboradores para levar a bo porto a idea de proxecto. A empresa Ouvir é unha empresa social que ofrece servizos de apoio a persoas con diversidade funcional.

Esta prevista que, xa rematada a convocatoria da IV convocatoria do premio INCUVI-Avanza no mes de xuño, se incorpore en dito espazo a empresa LastPick que é a gañadora dun espazo no CITI nesta convocatoria.

6. Actividades en I+D+i

Fíxose unha colaboración en experimentos de fundición de bronce

relacionados co proxecto do Plan Nacional (modalidad eRetos) “Producción y deposición masiva de bronce plomados en la transición Bronce Final - Edad del Hierro de la Europa atlántica” (ATLANTAXES, HAR2017-84142-R)

Fíxose unha colaboración no proxecto “DOPPLER: Descubrimiento de ozono en período preindustrial y rescate” financiado pola Xunta de Galicia, dotando de instalacións para colocar una cámara climática na planta piloto.

No proceso de acreditación do Campus Auga, o CITI entra como centro colaborador.

Participación no Comité de Dirección do Campus Auga

Participación na Comisión da IV convocatoria do premio Incuvi Avanza

7. Actividades de difusión e divulgación

O director participa no AgroBioTech Innovation Fest de Tecnópole.

Reunión con Servicios Informáticos Europeos (empresa que montou o CPD) para ver as novidades do mercado e posibles infraestruturas a estudar.

Visita de CLUSAGA ao CITI e posterior comida dentro dunha colaboración con CITACA e a Business Factory Food (10/4/2019)

Reunión co Director do CACTI e o Director de Centros de Investigación da Uvigo o 23/4/2019.

8. Actividades desenvolvidas na planta piloto

A Planta Piloto ofrece os seus equipos e servizos e traballa baixo reserva dos mesmos. A continuación móstrase unha táboa onde se reflicten as reservas que tiveron os equipos da planta piloto entre os meses de outubro de 2018 e xullo de 2019:

Equipo	Días ocupado
Equipo de extracción con CO ₂ supercrítico	115
Mufla	26
Altas presións hidrostáticas	15
Fermentador 50 L	11
Reactor axitado a presión	10
Disruptor celular	9
Extrusora	5
Autoclave	3

Os equipos foron empregados fundamentalmente por grupos de

Universidade de Vigo

Centro de
Investigación,
Transferencia
e Innovación

Parque Tecnológico
de Galicia
San Cibrao das Viñas
32009 Ourense

Tel. 988 387 400
Fax 988 387 401
www.citi.uvigo.es
citi@uvigo.es

investigación da Universidade de Vigo, aínda que tamén figuran empresas ou outras universidades.

O total facturado, incluíndo a reserva dos equipos e o alugueiro do laboratorio complementario ao longo deste período, foi de 11942,35 euros (IVE incluído).

Ourense, 6 de Decembro de 2019

O director do CITI

Asdo. Javier Rodeiro Iglesias